Acta da sesión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, do día 4 de outubro de 2024

[MVAG/MCVR]

Na sala de comisións "Otero Pedrayo" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes,** o día **4 de outubro de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
María Encarnación Amigo Díaz
(Presidenta)
José Manuel Mato Díaz
(Vicepresidente)
Montserrat Valcárcel Armesto
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Enrique Barreiro Sánchez
Juan Manuel Casares Gándara
Nicole Grueira Fernández
Argimiro Marnotes Fernández
(en substitución de Cristina Campero Dorado)
Ángel Rodríguez Conde
Cecilia Vázquez Suárez
Miguel Ángel Viso Diéguez

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Secundino Fernández Fernández
Ariadna Fernández González
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
(en substitución de Xosé Luís Bará Torres)
Sonia Vidal Lamas

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Paloma Castro Rey
(en substitución de Lara Méndez López)
María del Carmen Rodríguez Dacosta

Outros asistentes:
Julio Ernesto Abalde Alonso (S)
Ramón Tomás Fernández Alfonzo (BNG)

Comparecentes:
Directora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural-AGADER
Director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias
Director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria-AGACAL
Letrada:
Purificación López Gómez

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución e as substitucións pertinentes.

Logo da constatación deste, a señora presidenta comunica que o señor Ojea Bouzo, do G.P. Mixto, xustifica a súa inasistencia a esta sesión.

Deseguido éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto 1. Preguntas

1.1 9480 (12/POC-001625)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara
Sobre as actuacións e previsións do Goberno galego no que atinxe á entrega de títulos de propiedade correspondentes á concentración parcelaria do concello de Cartelle e o estado en que están as pistas do terreo concentrado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 72f2, do 28.08.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)**, que procede á defensa da iniciativa ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia, contéstalle a **directora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural-AGADER (Consellería do Medio Rural) Paz Rodríguez Rivera.**

En rolda de réplica a **señora Rodríguez Dacosta (S),** expón novas consideracións sobre a información recibida, logo de matizar algunhas das afirmacións realizadas pola señora Rodríguez Rivera.

Pecha o debate desta iniciativa a **directora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural-AGADER, Paz Rodríguez Rivera,** ampliando a información aportada na súa anterior intervención.

A Presidencia agradece a presenza da señora Rodríguez Rivera nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

1.2 10780 (12/POC-001833)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e 4 máis
Sobre a suficiencia das actuais medidas e recursos fronte á gripe aviar, a existencia de estudos relativos ao alcance económico dun eventual

PARLAMENTO DE GALICIA

pechamento de fronteiras e o sistema de indemnizacións aplicado nos casos detectados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88f2, do 20.09.2024

A **señora Fernández González, Ariadna (BNG)**, dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á formulación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicadas no BOPG anteriormente subliñado.

Pasa a dar resposta a esta pregunta, en nome da Xunta de Galicia, o **director xeral de Gandaría, Agricultura, e Industrias Agroalimentarias (Consellería do Medio Rural), Silvestre José Balseiros Guinarte.**

En rolda de réplica a **señora Fernández González (BNG),** manifesta o seu desacordo coa información facilitada e expón diferentes consideracións a respecto dela.

O director xeral de Gandaría, Agricultura, e Industrias Agroalimentarias Silvestre José Balseiros Guinarte, pecha o debate desta iniciativa, puntualizando os datos amosados na súa anterior intervención.

A Presidencia agradece a presenza do señor Balseiros Guinarte nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia, dado que non ten máis preguntas ás que lle dar resposta.

1.3 11267 (12/POC-001907)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Casares Gándara, Juan Manuel e 8 máis
Sobre as previsións que ten a Consellería do Medio Rural verbo da posta en funcionamento da plataforma web pública Fitovit
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 92f2, do 26.09.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Casares Gándara, Juan Manuel (P)**, que expón os motivos da presentación desta iniciativa expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

En representación da Xunta de Galicia, contéstalle o **director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria-AGACAL (Consellería de Medio Rural), Martín Alemparte Vidal.**

En rolda de réplica o **señor Casares Gándara (P),** agradece a información aportada polo director de AGACAL, sobre a que expón novas consideracións.

Pecha o debate desta iniciativa o **director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria-AGACAL, Martín Alemparte Vidal**, ampliando a información aportada na súa anterior intervención.

PARLAMENTO DE GALICIA

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 5455 (12/PNC-000659)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Valcárcel Armesto, Montserrat e 4 máis
Sobre as accións que o Goberno galego debe levar adiante no relativo á determinación dos protocolos e das medidas de restauración dos solos afectados polos incendios forestais e do equilibrio hidrolóxico-forestal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 37f1, do 12.06.2024

A **señora Valcárcel Armesto, Montserrat (BNG),** -*logo de abandonar o seu posto na Mesa da Comisión, en cumprimento do disposto no artigo 82 do Regulamento do Parlamento*- expón os motivos nos que se basea a proposición non de lei ampliando os que se conteñen na súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

A Presidencia informa que a esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar a **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S),** para anunciar o apoio do seu grupo a esta proposta.

Nesta mesma rolda o **señor Rodríguez Conde, Ángel (P),** expón as súas argumentacións a respecto da intervención da propoñente e refire as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia, que poñen de manifesto que o solicitado na iniciativa xa está a levar a cabo.

Na rolda de puntualizacións a **señora Valcárcel Armesto, Montserrat (BNG),** incide na importancia da iniciativa e fai especial fincapé nalgunhas das afirmacións realizadas polo voceiro do grupo maioritario.

2.2 8538 (12/PNC-000882)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Barreiro Sánchez, Enrique e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España co fin de que vele para que en todos os portos que actúan en España como puntos de saída de gando para terceiros países existan postos de control autorizados para as distintas categorías de animais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 68, do 21.08.2024

O **señor Viso Diéguez, Miguel Ángel (P)**, dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á formulación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicadas no BOPG anteriormente subliñado.

PARLAMENTO DE GALICIA

A esta proposición non de lei tampouco se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar a **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)**, quen, logo de poñer de manifesto discrepancias co portavoz do grupo propoñente, explicar a postura do seu grupo á respecto desta iniciativa.

Nesta mesma rolda a **señora Vidal Lamas, Sonia (BNG),** expón as súas argumentacións a respecto da intervención do señor propoñente e anuncia o apoio do seu grupo á devandita proposta, aínda que a considera insuficiente.

Na rolda de puntualizacións o **señor Viso Diéguez, (P),** agradece o apoio amosado pola voceira do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, tras criticar a postura do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei pola orde na que figuran na convocatoria:

2.1 5455 (12/PNC-000659), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **aprobado pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

Aprobar medidas inmediatas, tal e como recolle a lexislación na materia, dotando do orzamento necesario para realizar os traballos imprescindibles que eviten a erosión, a contaminación dos ecosistemas fluviais e a restauración hidrolóxico-forestal dos montes afectados.

Reclamar ao Goberno do Estado que aplique de igual forma estas medidas, xa que a Confederación do Miño-Sil é competencia do Estado e é necesario nesa parte importante do terreo galego facer actuacións urxentes.

Informar do seguimento dos traballos impulsados polo fondo público-privado da Xunta para previr os incendios.»

2.2 8538 (12/PNC-000882), do **G.P. Popular de Galicia.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **aprobado** por:

Votos a favor:..... 14 (GG.PP. P+BNG)
Votos en contra: 0
Abstencións: ..... 2 (G.P. S)

O texto aprobado é o seguinte:

PARLAMENTO DE GALICIA

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España, en particular ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para que poña todos os medios necesarios para emendar esta situación e que se fagan todas as xestións posibles para que, cumprindo co establecido no citado Regulamento (UE) 2023/372, se vele para que en todos os portos que actúan en España como puntos de saída de gando para terceiros países, e especialmente no caso do porto de Alxeciras, por ser o máis usado polos operadores galegos, existan postos de control autorizados para as distintas categorías de animais.»

Ao non haber máis asuntos que tratar, a señora presidenta agradece aos presentes o seu traballo na Comisión e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 12:50 horas.

María Encarnación Amigo Díaz

Firmado digitalmente por María Encarnación Amigo Díaz
Nombre de reconocimiento (DN): cn=María Encarnación Amigo Díaz, email=maria.amigo@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.02.04 10:55:44 +01'00'

Montserrat Valcárcel Armesto

Firmado digitalmente por Montserrat Valcárcel Armesto
Fecha: 2025.02.04 10:47:20 +01'00'

Montserrat Valcárcel Armesto
Secretaria da Comisión

V.º B.º
María Encarnación Amigo Díaz
Presidenta da Comisión